

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL POIO

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA 2ª CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE COMBARRO (8ª FASE).

BDNS(Identif.):

(FASE 8ª DA ARI DE COMBARRO 2ª convocatoria).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuio texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/es/index>):

PRIMEIRO. OBXECTO:

O obxecto é a aprobación dunha segunda convocatoria para solicitar axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Integral de Combarro (8ª Fase), de forma que se complete o número de actuacións previstas no Convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Poio.

SEGUNDO. PRAZOS:

Establécese para a rendición da conta xustificativa, o prazo dun mes dende a finalización das obras e como data límite o 31 de outubro de 2023, que é o prazo máximo que permite a xustificación das actuacións ante o IGVS e de este ante o Ministerio segundo establece a prórroga dun ano do plan estatal 2013-2016 e a súa prórroga, para a súa execución antes do 31 de decembro de 2023.

TERCEIRO. BASES REGULADORAS:

Esta 2ª convocatoria de axudas á conservación e rehabilitación de vivendas na Área de Rehabilitación Integral de Combarro (8ª fase) rexeráse, en xeral, polas bases da 1ª convocatoria de axudas á conservación e rehabilitación de vivendas na Área de Rehabilitación Integral de Combarro (8ª fase), publicadas no BOPPO número 3 do 4 de xaneiro de 2018.

Nesta 2ª convocatoria, igual que na 1ª convocatoria, non se subvencionan obras en edificacións auxiliares protexidas. Por outra banda, o procedemento de concesión será non competitivo e por rigoroso orde de entrada das solicitudes.

CUARTO. BENEFICIARIOS:

Poderán ser beneficiarios/as das axudas, de acordo co art. 8º da primeira convocatoria, os usuarios legais de vivendas, como propietarios/as, arrendatarios/as ou titulares dalgún dereito de uso sobre elas, cando a vivenda constitúa o seu domicilio habitual e permanente por constar así no Padrón Municipal.

Tamén poderán solicitar as axudas as persoas titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude sexa acompañada do compromiso de ocupalas elas mesmas ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outra maneira legal admisible, sempre que sexa como residencia habitual.

QUINTO. ORZAMENTO, IMPORTE MÁXIMO DA AXUDA INDIVIDUAL E PORCENTAXE MÁXIMO DE GASTO FINANCIABLE:

Para a concesión das axudas que se convocan, se destinará a cantidade de 13.234,60 euros do Ministerio e 3.621,37 euros da Xunta de Galicia.

O importe máximo da axuda será o 35% e o 10% do Ministerio e da Xunta de Galicia, respectivamente, do custo subvencionable das actuacións que se realicen nas vivendas.

Serán financiábles como custes vinculados ás actuacións protexidas, o importe total da actuación, incluíndo gastos de execución material, honorarios profesionais, beneficio industrial, custes notariais e de rexistro, gastos xerais e de xestión, excluídos os impostos, taxas e demais tributos.

SEXTO. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:



O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia logo da súa tramitación desde a BDNS e ata esgotar o crédito ou o número de actuacións mentres dure a vixencia do convenio e as súas addendas.”

Poio na data da sinatura dixital
Alcalde-Presidente do Concello de Poio
Luciano Sobral Fernández

